

**ACTA DA DELIBERACIÓN DO IV PREMIO DE XORNALISMO**  
**MANUEL LUEIRO REY**

Reunidos, telematicamente, o 25 de febreiro de 2021, ás 19:00 horas, D. Ramón Rozas, D<sup>a</sup> Carme Vidal e D. Ramón Nicolás, membros do xurado da convocatoria do IV Premio de Xornalismo Manuel Lueiro Rey, coa presenza da coordinadora e secretaria do Premio, D<sup>a</sup> Carmen Carreiro, con voz e sen voto, ACORDARON por unanimidade outorgar o galardón ao artigo titulado “Mulleres invisibles, mulleres desconfinadas” que foi presentado baixo o lema do mesmo nome.

Aberta a plica a autoría correspondeu ao Dona Paula Castro Lago, xornalista.

O xurado salienta a solidez dun artigo que cumpre os requisitos do galardón Lueiro Rey, isto é, Paula Castro ofrece un texto que se acaroa á temática de preocupación cívica e denuncia social ao ofrecer unha reflexión sobre a estigmatización á que están sometidas as mulleres que viven de exercer a prostitución. A autora articula, asemade, unha visión crítica e documentada sobre este negocio de explotación sexual e repara sobre o abandono que sofren estas mulleres sen dereitos, poñéndolle un rostro a persoas abocadas á invisibilidade, ao desprezo social e a unha heroica subsistencia.

Ademais, o xurado estimou a actualidade da súa temática, a súa solidez estrutural, a mesura na exposición dos datos estatísticos recollidos e o acaído rexistro literario que abraza.

A entrega do premio celebrarase en Fornelos cando a situación da pandemia o permita.